



XUBILACIÓN PARCIAL PERSOAL LABORAL DO IV CUAGE

Buscando que entendades en que situación se encontra a posibilidade de xubilarse parcialmente, dereito recollido no IV CUAGE, e que se viu paralizado pola nova Lei de xubilación, vamos a intentar informar de como se encontra a día de hoxe este proceso na AXE.

OFERTA DE EMPREGO ADICIONAL

A pesar de ter solicitado fai máis de 6 meses os datos das posibles xubilacións parciais ós Ministerios, non nos queren dar eses datos, que nos facilitaría saber cantos contratos de relevo serían necesarios e cantas prazas deberían convocar nesa Oferta adicional da que tanto falan. Polo que nos contan, parece ser que serán sobre 1.000 prazas segundo os datos de anos pasados.

Dende a CIG estamos valorando isto con moita prudencia, xa que segundo os datos as baixas do ano 2024 no IV CUAGE foron de 2.254, pero non nos achegan o dato das prazas que van incluír na OPE 2025. Prudencia, porque sospeitamos que esas 1.000 prazas para os contratos de relevo poidan ir en detrimento da OPE 2025, dado que estes contratos teñen coste adicional, e para a OPE 2025 teñen que traballar cos presupostos prorrogados do 2023: a ver que pasa.

Está pendente de negociar en que Especialidades do Convenio se van convocar estas prazas das que falan, polo que nos fai sospeitar que a convocatoria non será tan próxima como nos informan.

CONTRATOS DE RELEVO

A pesar de que dende Relacións Laborais nos informan que van publicar unha Oferta adicional que posibilitará a contratación de relevistas, seguimos sen ver publicada esa oferta, polo que vemos difícil que ata final de ano dispoñan de persoal para poder contratar e que as empregadas e empregados do convenio poidan desfrutar da xubilación parcial.

PROCEDIMIENTO PARA RESOLVER A XUBILACION

Unha vez resoltos os procesos selectivos desta Oferta adicional, os aspirantes seleccionados terán que esperar a que existan solicitudes dexubilacións parciais para poder formalizar o seu contrato, que pode non ser na mesma praza da persoa que se xubila parcialmente ou noutra. Pero a persoa solicitante non poderá ver a súa xubilación parcial resolta ata que non teñan o contrato asinado pola persoa relevista.

ACORDO DE APLICACION DA NOVA LEI DE XUBILACIÓN PARCIAL

Dende a CIG levamos meses reclamando que se reúna o Grupo de Traballo de Xubilación para poder ter un Acordo de aplicación desta Lei, xa que non sabemos canto tempo se pode acumular, como se pode acumular, cando se poderá renunciar, con que antelación tés dereito a solicitar este modelo de xubilación, etc. Sen este Acordo, as e os solicitantes descoñecen cales serán as condicións nas que se van xubilar parcialmente. Na última reunión da COPA, o martes 24 de xuño, ante unha nova solicitude da CIG de reunir este Grupo, contestan *“lo antes posible, pero no damos fecha de cuándo”*.

Como podedes comprobar falta todo por Negociar e moito por Acordar, pero si teñen xa un ACORDO QUE DEIXA SEN APLICACIÓN O ARTIGO 27.2 DO IV CUAGE, que é o que regula que os postos vacantes de necesaria cobertura teñen que pasar primeiro polo concurso antes de ir á Oferta Pública, aceptado por UGT e por CSIF na Reunión Extraordinaria da COPA do xoves 27 de xuño. **Nós como CIG manifestamos que, en tanto non se negocie e acorde todo o anterior, non podemos dar o visto bo a un incumprimento dun precepto tan importante do Convenio**, salvo que estea moi xustificado, cousa que dende a Administración non están a facer, ondea única xustificación é que aplicar este artigo retrasaría a resolución das solicitudes de xubilación parcial; fan esta manifestación cando son eles e a súa inacción os que están a provocar que non poidades xubilarvos parcialmente, xa que fai máis de 6 meses que se sabía desta nova Lei, a cal entraría en vigor o día 1 de abril, e non fixeron nada ate o de agora, como vén sendo habitual, Tarde, Mal e a Rastro!!!.